



Guía Docente

Guía Docente				
Datos Identificativos			2014/15	
Asignatura (*)	Análise de casos prácticos a través dun paquete estatístico		Código	652498013
Titulación	Mestrado Interuniversitario en Estudos Avanzados sobre a Linguaxe, a Comunicación e as súas Patoloxías (plan 2012)			
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3
Idioma	Castelán			
Prerrequisitos				
Departamento				
Coordinación	Lombas Foutelier, Andrés Sebastián		Correo electrónico	slombas@unizar.es
Profesorado	Duran Bouza, Montserrat		Correo electrónico	montserrat.duran.bouza@udc.es
	Lombas Foutelier, Andrés Sebastián			slombas@unizar.es
Web				
Descrición xeral	Dentro do marco teórico da metodoloxía de investigación e técnicas básicas, esta materia terá como obxectivo a formación no manexo dos datos obtidos na investigación. Para iso, traballárase co manexo e utilización de casos clínicos que axuden á comprensión destes conceptos teóricos. Preténdese formar os alumnos, tanto en técnicas de deseño de enquisas, coma no tratamento estatístico da información obtida na análise de casos prácticos da linguaxe. Neste sentido combinaranse explicacións de contido teórico e práctico, coa idea de conseguir a aplicación inmediata dos coñecementos adquiridos polo alumno. OBXECTIVOS FORMATIVOS: · Proporcionar unha formación suficiente para deseñar, organizar e supervisar a realización de análise de casos. · Impartir os coñecementos que permitan aos alumnos o manexo estatístico e explotación dos datos obtidos. · Entrenar nas ferramentas necesarias para a análise e interpretación dos resultados. · Facilitar a adquisición de coñecementos estatísticos, tanto teóricos coma prácticos que lles permitan unha aplicación práctica no seu quefacer profesional.			

Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación
A9	Os estudantes serán capaces de analizar críticamente as publicacións científicas.
A10	Os alumnos serán capaces de elaborar un informe científico que implique definir un problema de investigación, as hipóteses e variables asociadas, así como definir o deseño, a mostra e o seu modo de selección, as ferramentas de recollida de datos e a súa consecuente análise e discusión.
B1	Os alumnos/as saberán acceder, seleccionar e xestionar as fontes de información relevantes para a práctica profesional.
C3	Os estudantes valorarán a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación
---	----------------------------



XERAIS DA MATERIA	AP9 AP10	BP1	CP3
Pode reflexionar por escrito acerca dos fundamentos metodolóxicos da investigación sobre a linguaxe e a comunicación. Pode describir os métodos e técnicas de recollida e análises de información tanto cualitativas coma cuantitativas. É capaz de deseñar instrumentos de recollida de información para programas de intervención en linguaxe e comunicación. É capaz de buscar e seleccionar a documentación bibliográfica necesaria para un traballo de investigación. É capaz de analizar criticamente as publicacións científicas. Pode comunicar axeitadamente os resultados dunha investigación. É capaz de elaborar un informe científico que implique definir un problema de investigación, as hipóteses e variables asociadas, así como definir o deseño, a mostra e o seu modo de selección, as ferramentas de recollida de datos e a súa consecuente análise e discusión.			

Contidos	
Temas	Subtemas
MÓDULO 1. CONCEPTOS BÁSICOS	
Tema 1. Conceptos estatísticos básicos para a investigación de casos prácticos da linguaxe. Conceptos básicos de Estatística Descritiva, Probabilidade e Inferencia Estatística aplicados á investigación de casos prácticos da linguaxe	
MÓDULO 2. MOSTRAXES	
Tema 2. As investigacións de casos prácticos da linguaxe mediante mostraxe: Etapas das enquisas por mostraxe	
Tema 3. Mostraxe aleatoria simple. Mostraxe sistemática. Mostraxe con probabilidades desiguais. Estimadores de razón.	
Tema 4. Mostraxe estratificada e Mostraxe por conglomerados. Exemplos de deseños mostraxal complexos. Pequeno e gran grupo.	
MÓDULO 3. ANÁLISE DOS DATOS	
Tema 5. Introducción á análise multivariante. Programa estatístico SPSS.	
Tema 6. Regresión lineal. Táboas de continxencia. Regresión loxística.	
Tema 7. Análise da varianza. Análise factorial e de compoñentes principais.	
Tema 8. Tests estatísticos paramétricos e non paramétricos	
Tema 9. Análise de Conglomerados ou Clúster.	
Tema 10. Análise de Correspondencias.	
Tema 11. Escalonamiento Multidimensional	
Tema 12. Análise Conxunta.	

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	6	12	18
Portafolios do alumno	7	14	21
Traballos tutelados	1	0	1
Proba obxectiva	1	12	13



Prácticas a través de TIC	5	15	20
Atención personalizada	2	0	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado			

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Esquema xeral dunha sesión de tres horas tipo: Sección teórica (hora e media): 1.- Presentación de 30 mins. por parte do profesor/a, 2. - Lectura comentada dun texto seleccionado (30 mins), 3. - Contestación individual a un cuestionario. Sección práctica (hora e media): 1.- Presentación de 30 mins. a cargo do profesor/a, 2. - Cuestionario en grupo sobre a presentación (30 minutos), 3. - Exposición e discusión sobre as respostas de cada grupo. No caso da sesión maxistral o profesorado presentará os contidos do tema apoiándose nunha presentación power point. A sesión maxistral utilizarase tanto para a introdución teórica do tema coma para a presentación dos casos ou as prácticas que estean planificadas. Cada materia desenvólvese en sesións de tres horas, polo que a sesión maxistral pode abranguer ao redor dunha hora por sesión: media hora para a introdución teórica e media hora para a presentación das prácticas. O profesorado poderá variar esta distribución compensándoa sempre co resto das metodoloxías para non aumentar a carga ECTS da materia
Portafolios do alumno	En cada sesión de clase o estudante deberá contestar a un cuestionario individual sobre a lectura realizada e un en grupo relacionado cos casos analizados ou as prácticas realizadas. Estes cuestionarios, ademais das presentacións power point correspondentes a cada clase deberá ser incluído no seu portafolios. Nel recollerán igualmente cantos comentarios, reflexións ou actividades realícense durante o curso
Traballos tutelados	Os estudantes non realizarán por cuatrimestre máis dun traballo tutelado. Este computará en todas as materias nas que estea matriculado posto que deberá contemplar as diferentes dimensións tratadas nelas. Todos os profesores/as implicados actuarán como titores, se ben será o coordinador da titulación quen lle asigne un titor responsable. A relación de estudantes e titores responsables comunicárase a todo o profesorado. Finalizado o traballo todos os titores farán unha valoración (previamente protocolizada para simplificala) que remitirán ao titor responsable quen cualificará o traballo. Dado que en segundo cuatrimestre se acumulan materias, practicum e traballo fin de máster, os estudantes, coa orientación do seu titor e o acordo dos seus profesores poderán abordar un mesmo tema con tres perspectivas. Unha académica para responder á adquisición das competencias fixadas nas materias do plan de estudos. Outra profesional, para responder aos obxectivos do practicum. Unha última investigadora, onde a través da presentación dun proxecto de investigación poderán cumprir os obxectivos do traballo fin de máster. Pódese considerar, polo tanto, como un traballo único con tres partes e tres titores diferentes. Cada un recibirá o traballo completo, se ben cualificará a súa parte dando lugar a tres cualificacións independentes. O traballo deberá estar formalmente dividido en tres partes independentes, posto que a parte académica debe ser valorada tamén polo profesorado do segundo cuatrimestre
Proba obxectiva	Ao finalizar cada cuatrimestre os estudantes realizarán unha proba de avaliación única. Esta proba terá o formato de proba obxectiva e nela avaliaranse conxuntamente todas as materias. Para configurar a proba e dispor dun arsenal potencial, o profesorado remitirá 5 preguntas por crédito impartido nunha materia. Aos estudantes entregaráselles un cuestionario onde figurarán identificadas as materias coas preguntas que lles corresponden e contestarán só a aquelas nas que estean matriculados. A cualificación obtida en cada materia será remitida ao profesor/a correspondente para que a inclúa na avaliación do estudante. Quen suspendan unha materia recibirán indicacións do seu profesor/a para a súa recuperación.
Prácticas a través de TIC	Metodoloxía que permite ao alumnado aprender de forma efectiva, a través de actividades de carácter práctico (demostracións, simulacións, etc.) a teoría dun ámbito de coñecemento, mediante a utilización das tecnoloxías da información e as comunicacións. As TIC supoñen un excelente soporte e canal para o tratamento da información e aplicación práctica de coñecementos, facilitando a aprendizaxe e o desenvolvemento de habilidades por parte do alumnado.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas a través de TIC	

Avaliación



Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral		10
Prácticas a través de TIC		20
Portafolios do alumno		40
Traballos tutelados		10
Proba obxectiva		20

Observacións avaliación

A avaliación realizarase de forma individualizada en cada unha das materias do máster. A avaliación será continua e incluírá unha valoración cuantitativa do rendemento de cada estudante en cada actividade realizada (incluídas as probas de exame que se poidan programar). Estas actividades serán recollidas polos estudantes nun portafolios por materia. Nel os estudantes recollerán todos os esquemas, presentacións, traballos realizados, lecturas, prácticas, cuestionarios contestados, etc. Este portafolios estará dispoñible sempre que o profesorado queira supervisalo e, en todo caso, será entregado ao finalizar as clases presenciais da materia para a súa supervisión e cualificación. Cada profesor avaliará as actividades realizadas, segundo as metodoloxías docentes empregadas, en os créditos que teñen asignados. A cualificación na materia será o resultado da media das cualificacións dos profesores que a imparten. A cualificación de cada profesor será ponderada segundo o número de créditos que imparte. No caso de utilizar probas puntuais de exame (proba obxectiva, preguntas tipo tema, etc.) a súa cualificación considerarase como parte do portafolios da materia, sen que o seu peso poida superar o 50% da nota total asignada ao portafolios. O resto da cualificación virá determinada polos criterios seguintes: Asistencia a clase (por enriba do 80%): 10% Realización de lecturas e traballos tutelados: 30% Nivel de rendemento madurez demostrada en actividades prácticas e tutorías: 10%

Fontes de información

Bibliografía básica
Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías